



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

P-1/2020

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 6/02/2020, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Alcalde-Presidente

José Marcote Suárez

(PSdeG - PSOE)

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández

Santiago Insua Esmorís-Recamán

Daniel Juan Benlloch Rivas

Jenifer Suárez Silva

Leonor Castrege Fernández

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

Soledad Vilela Romero

María Rocío Mariño López

Alexandre Domínguez Lado

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira

Teresa Fernández Martínez

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.-
- 2º.- Aprobación, se procede, Baixa Definitiva na Asociación Neria.-
- 3º.- Mocións grupos políticos.-
- 4º.- Aprobación, se procede, Integración e Estatutos Asociación de Concellos do Camiño Fisterra a Muxía.-
- 5º.- Solicitud de Concesión de Ocupación de Bens de Dominio Público Marítimo Terrestre Parque e Paseo de Sardiñeiro .-
- 6º.- Aprobación, se procede, Memoria para a Creación dun Centro de Interpretación no Faro de Fisterra.-
- 7º.- Resolucións dictadas Alcaldía, para coñecemento.-
- 8º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 6/02/2019, reúnense no Salón de Sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e

Sras. que na marxe se expresan, **coa finalidade de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:**

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

- Sometida a votación a do día 17 de Decembro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes, coa observación do Sr. Traba Fernández do Grupo Popular de que non foi recollida na acta a pregunta sobre “se o Tenente de Alcalde ordenara cambiar o colector de emprazamento”.

2º.- Aprobacion, se procede, Baixa Definitiva na Asociación Neria.-

Dada conta da proposición da Alcaldía de data 3 de Febreiro de 2020 co seguinte contido :

"Unha vez que a Excma Deputación Provincial da Coruña se dou de baixa na **ASOCIACION NERIA e dado que a única vía é a disolución e o concurso de acreedores, non ten sentido que o Concello de Fisterra permaneza como Socio coa única consecuencia de ter que dispoñer no orzamento desta Corporación a Cuota anual correspondente e como consecuencia ir incrementando unha débeda coa propia Asociación Neria, **proponse ó Pleno a aprobación da baixa como socio e a comunicación da mesma polos medios que proceda.**"**

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aceptar dita proposta, facultando o Sr. Alcalde para a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para levar a cabo a execución deste acordo.-

3º.- Mocións grupos politicos.-

A) MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA (Registro de Entrada número 250 de data 29/01/2020).

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora da sanidade pública co seguinte contido:

“A Corporación municipal do Concello de Fisterra está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Area de Saúde á que pertencemos, como consencuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, no ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso Concello e na Area Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Area Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordos co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1º) Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

2º) Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

3º) Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal e como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

4º) Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

5º) Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

6º) Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario.

7º) Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

8º) Plan de Mellora de Atención Primaria, da Saúde Mental e da Atención á Saúde das Mulleres.

9º) Demandar ao Goberno Galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde, e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Fisterra á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello a máxima difusión ao seu contido.

B) O grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia (Rexistro de Entrada número 306 de data 05/02/2020) co seguinte contido:

“A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensuralidade do IVE do 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Facenda e portavoz do goberno galego alegou que era unha cuestión que “tocaba no ano 2019” e que “xa se perdeu esa oportunidade de poder resarcir”, culpando aos partidos políticos de non aprobaren o proxecto de presupostos xerais do Estado.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos que lle corresponden a todos os galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso Concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Fisterra, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1. “Declarar o apoio deste Concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información inmediata.

2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a Moción completa co seguinte contido:

"Ante o problema surxido para a transferencia do IVE correspondente ao ano 2017, as CCAA, e maiormente á nosa Comunidade Autónoma, esta Corporación Municipal ten moi claro que os 198 millóns de euros correspondentes ao IVE do ano 2017, son cartos de tódolos galegos, e polo tanto deben ser transferidos á nosa Comunidade o antes posible.

Polo exposto anteriormente, a totalidade da Corporación Municipal de Fisterra presenta os seguintes ACORDOS para a súa aprobación polo Pleno:

1. Reclamar do Goberno do Estado, que se axilicen ao máximo os trámites necesarios para a urxente transferencia á nosa Comunidade Autónoma dos 198 millóns de euros correspondentes ao IVE do ano 2017.

2. Demandar o Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento autonómico, para garantir a autonomía e suficiencia das CCAA, e singularmente Galicia, para prestar os servizos da súa competencia, en igualdade de condicións financeiras ao conxunto do Estado."

C) O grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción para instar ao Goberno a modificación do Regulamento da Lei de Costas (Rexistro de Entrada número 304 de data 05/02/2020) co seguinte contido:

“Os proxectos de reforma da Lei de Costas e do seu Regulamento causan enorme preocupación para o conxunto das actividades económicas que para exercer en condicións de aceptables de rendibilidade se ubican na franxa costeira, fundamentalmente porque necesitan un emprazamento e unha disposición fundamental relativa á captación de auga do mar. Isto lévase a cabo a traves de mecanismos de impulsión e saída dispostos na zona que vai desde as súas instalacións ata os puntos de de captación e saída baixo a auga, soterrados, aprobados e adaptados a todas as normativas vixentes na actualidade. O proxecto de reformar do Regulamento de Costas que está elaborando o Ministerio para a transición

ecolóxica e que polo seu gran calado vai a obrigar a reformar igualmente a Lei de Costas, preocupa enormemente aos sectores produtivos afectados dado que se pretende introducir unha serie de preceptos novos que amparan algunhas interpretacións moi restritivas que se estaban facendo da Lei de Costas, e se diseminan por todo o articulado preceptos novos moi xenéricos e abstractos que recrudecen as esixencias medioambientais en claro detrimento das posibilidades de exercicio lexítimo e sostibel das actividades ligadas tradicionalmente ao mar de Galicia, que son as que conforman o tecido produtivo costeiro da nosa Comunidade Autónoma en xeral, e da nosa comarca en particular. Como exemplo, o borrador do novo Regulamento recorta drásticamente a figura da prórroga extraordinaria das concesións da ocupación de dominio público marítimo terrestre, desvirtuando a letra e o espírito co que se creou esta figura na reforma da Lei de Costas de 2013, e que viña precisamente a apoiar as actividades produtivas costeiras que ían chegar ao seu termo, e ser desmanteladas polo tanto, no ano 2018 (0 anos despois da Lei de Costas orixinaria, de 1988). A clave do debate estriba en que dita Lei creou unha figura novedosa, que deixou sen efecto a limitación do prazo máximo de duración que se establecía na Lei de Costas de 1988, precisamente creando unha prórroga extraordinaria, a contar desde a data na que esta se solicitara, tal como a lei e o regulamento establecían e seguen establecendo. O que se pretende coa reforma do Regulamento é modificar o día do cómputo inicial, atrasando 30 anos atrás, ata o día un da concesión en vigor. No mesmo sentido, refórzanse os requisitos necesarios para renovar as concesións e para obter prórrogas das actualmente existentes, pasando os 4 criterios orientativos ata hoxe vixentes aos 18 que se pretende introducir. E o máis preocupante é que a maioría deses novos requisitos quedan nunha total indefinición, de maneira que se deixa a porta aberta para a arbitrariedade máis absoluta á hora de decidir desde un despacho ministerial a cáles das nosas empresas e sectores se lles permite continuar e a cáles se lles expulsa. Exemplo desa abstracción e polo tanto da inseguridade xurídica que provocan, son requisitos novos como “o impacto pasaxístico”, “a protección ecolóxica da interacción terra-mar”, “ o incremento, altura de ola ou cambios da dirección oleaxe” (sic art. 135. 4), ou “ outros criterios como aplicación do previsto en calquera outra norma española e europea, así como convenios internacionais que conteñan regulación relativa á costa e ao mar ...” (citas textuais do borrador do novo Regulamento). Sobre unha base tan endeble e maximalista preténdese revisar todas as ubicacións actuais na costa que segundo os informes do Ministerio poidan non coincidir con eses novos criterios do borrador, algo que pode levar a consecuencias devastadoras para os sectores produtivos galegos vencellados á costa e a toda a economía social e pesqueira, ao verse potencialmente afectados non só ás industrias produtivas do país senón incluso unha enorme cantidade de explotación asociadas a Miticultura, Acuicultura de bivalvos e marisqueo amén das edificacións, vivendas entre elas. Por outro lado, que a experiencia destes sectores evidencia que non son actividades en absoluto insostibles desde o punto de vista medioambiental (como o proba o que están fortemente controladas por diversos organismos públicos), e de feito en ningún momento do borrador se afirma que a causa da modificación sexa unha problemática de tipo

ambiental, senón, unicamente unha decisión conceptual a aposta das autoridades de Costas por un litoral libre de actividade produtiva, o que supón á súa vez optar por un uso preferentemente recreativo (para o que tempouco se dá ningunha alternativa, por suposto) fronte aos usos produtivos tradicionalmente vencellados ao mar. Ante esta situación tan alarmante para este Concello e a súa comarca sométese ao Pleno a aprobación da seguinte Moción:

1.- Instar ao Goberno do Estado e especialmente ao MITECO (Ministerio de Transición Ecolóxica) a que reconeza a realidade da Comunidade Autónoma de Galicia e da Comarca de Fisterra en relación á realidade histórica e socioeconómica do sector Mar Industria, Acuicultura e Marisqueo que ao longo do último século serve como base fundamental para o desenvolvemento social e económico desta comunidade, e que pon en entredito un regulamento absurdo que demostra o claro descoñecemento da realidade socila da nosa comarca.

2. Con carácter previo á aprobación de calquera modificación, entablar unha mesa de análises e negociación cos sectores vencellados ao mar para chegar a un acordo que permita que o proxecto do Regulamento Xeral de Costas e a Kei de Costas teña en conta as reivindicacións socioeconómicas do sector do Mar en Galicia.

3. Negociar e aceptar un acordo para que se teña en conta dito proxecto e na súa Lei, no concerniente ao prazo das súas concesións, para as actividades económicas do complexo mar industria da comarca que para o seu indispensable funcionamento deban estar no litoral, se comece a contar o prazo de concesión a partir da solicitude de prórroga extraordinaria e non desde a data de concesión orixinal.

4. Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

"O Regulamento Xeral de Costas do ano 2014 está a crear incerteza xurídica e ambigüedad de criterios, avalada polos informes da Abogacía do Estado e tomando como base ás sentenzas que se estaban a producir desde o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional. O propio sector mar-industria se fixo eco desta inseguridade xurídica.

Ante esta situación, a totalidade da Corporación Municipal de Fisterra presenta os seguintes ACORDOS, para a súa aprobación polo Pleno.

1. Trasladar ao Goberno de España e ao seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Vicepresidencia 4ª), a necesidade de ter en conta a especial relación co mar que presenta Galicia e polo tanto a necesidade de facer compatíbeis a preservación do litoral e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.

2. Demandar a aplicación da actual normativa legal (Lei de Costas de 2013 e Regulamento da Lei de Costas de 2014) coa máxima flexibilidade posible,

para facilitar o desenvolvemento de actividades compatíbeis coa protección do litoral.

3. Demandar que calquera futura modificación normativa que afecte á lei de costas ou ao seu regulamento, se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores afectados e as autoridades locais e autonómicas pertinentes, ademáis dos mecanismos xa previstos na lexislación, de xeito que se procuren as mellores solución para impulsar a actividade económica e ao tempo facer protección do noso litoral."

Moción que presenta o grupo Partido Popular coa fin de reclamar ao Estado Español o IVE que debe.

Argumentario á moción.

Eses cartos que se reclama non serían suficientes. Dende o bloque levamos meses reclamando que a Xunta deixe de facer o ridículo enviando cartas ou pedindo reunións e que negocie directamente co Estado e actúe a vía xudicial para reclamar o que Estado Español lle debe a Galiza. O PP votou en contra de esta iniciativa no parlamento galego, porque no fondo impórtanvos pouco os intereses dos galegos e utilizades este tema só de forma mediática.

Se chegamos a este punto, (a débeda do IVE por parte do Estado), é por falta de soberanía política e financeira. Se xestionáramos nós mesmos os nosos impostos como fan en Euskal Herria, non teríamos este problema. Así que, unha vez máis, que unha facenda galega propia a través dun modelo de concerto económico, como defendeu sempre o BNG, sería a mellor opción, porque impediría chantaxes por parte do goberno central, sexa cal sexa a súa cor política.

Nós entendemos que é a Xunta quen debe liderar esto, por esto, presentamos esta enmenda á vosa moción para que estemedes cambiala.

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a iniciar no menor prazo, a vía xudicial en reclamación das cantidades adebedadas por parte do goberno central.

2. Demandar a derogación da normativa sobre a estabilidade financeira, así como da reforma constitucional de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e dos concellos, así como a inmediata negociación dun modelo de relación económica que corrixa o infrafinanciamento dos servizos públicos galegos, nomeadamente a sanidade.

MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO A MODIFICAR A LEI DE COSTAS.

Eso é máis do mesmo que a anterior moción. Estades a sacar cousas que se iniciaron e aprobaron no goberno de Rajoy. Onte mesmo, o BNG no Parlamento Galego presentou unha preposición non de lei instando á Xunta a participar proactivamente na Comisión de Transferencias do Estado.

Pedíase nesta proposición demandar a convocatoria da comisión bilateral para a transferencia de costas, (así tampouco teríamos problemas de este tipo).

Non só as transferencias en Costas pedíase, senón que tamén a da AP9, Tráfico, Inspección de Traballo e todas as competencias pendentes pola incapacidade e inutilidade dos parlamentarios do PP en MADRID.

4º.- Aprobación, se procede, Integración e Estatutos Asociación de Concellos do Camiño Fisterra a Muxía.--

Unha vez examinados, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

- 1) Aprobar os Estatutos da Asociación de Concellos do Camiño Fisterra e Muxía baixo as seguintes Cláusulas:

CAPÍTULO

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA"

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Dumbría., Estrada de Dumbría s/n 15151Dumbría provincia da Coruña e teléfono 981744001.

Artigo 3º.-

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, polavontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
 - b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
 - c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
 - e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
 - f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
 - g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.
3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

- a. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño de Fisterra e Muxía, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño de Fisterra e Muxía.
- b. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño de Fisterra e Muxía.
- c. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño de Fisterra e Muxía.
- d. Canalizar a promoción turística do Camiño de Fisterra e Muxía, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

- e. Ofrecer o apoio necesario aos/ás peregrinos/as que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño de Fisterra e Muxía.
- f. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- g. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- h. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- i. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- j. Representar aos concellos do Camiño de Fisterra e Muxía en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- k. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño de Fisterra e Muxía leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- l. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño de Fisterra e Muxía nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.

- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño de Fisterra e Muxía. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a da Corporación mediante escrito dirixido ao/a Presidente/a da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.-

Dereitos dos membros da asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos/as aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao/á presidente/a reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.-

Obrigas dos socios da asociación:

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º.

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño de Fisterra e Muxía.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño de Fisterra e Muxía. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.-

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo/a presidente/a, un/unha vicepresidente/a, un/unha secretario/a, un/unha tesoureiro/a e seis vogais correspondendo un membro da Xunta Directiva a cada un dos concellos.

Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os/as representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo/a Presidente/a cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.

4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o/a presidente/a e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 27 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o/a secretario/a da asociación.

Artigo 15º.-

Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.-

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores/as
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do/a presidente/a
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.-

As Asembleas estarán presididas polo/a presidente/a, asistido do/a secretario/a, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.-

A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O/a vicepresidente/a, o/a secretario/a, o/a tesoureiro/a e os/as seis vogais que completan a xunta directiva tamén

serán elixidos/as entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do/a presidente/a será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos concellos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente/a, secretario/a e tesoureiro/a.

Artigo 20º.-

O/a presidente/a da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

CAPÍTULO IV

DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.-

A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o/a presidente/a ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.-

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da Secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do/a presidente/a.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a presidente/a.

- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.-

A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao/á presidente/a as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos dos concellos e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.-

Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.-

Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán iguais para cada concello membro.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral.
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos concellos asistentes.

CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos concellos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 - a. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 - b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 - c. Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

5º.- Solicitud de Concesión de Ocupación de Bens de Dominio Público Marítimo Terrestre Parque e Paseo de Sardiñeiro .-

Á vista do oficio recibido o día 29/01/2020 procedente da Demarcación de Costas de Galicia - Referencia C.32/11 - C CNC02/19/15/0007, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

- 1) Ratificar a petición formulada por parte deste Concello ante dita Demarcación sobre solicitud de outorgamento de Concesión**

Administrativa para o mantemento e conservación do Paseo Marítimo da Praia de Sardiñeiro e zonas de xogos infantís situada dentro do citado Paseo.

2) Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

6º.- Aprobación, se procede, Memoria para a Creación dun Centro de Interpretación no Faro de Fisterra.-

Unha vez examinada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Prestar a súa Aprobación a Memoria, Proxecto de Explotación e Proxecto Básico de Obras confeccionada por este Concello para levar a cabo a Xestión do Faro de Fisterra de data 24 de Maio de 2019 confeccionada por este Concello que consta no expediente.-

2) Solicitar da Autoridad Portuaria de A Coruña que determine a fórmula administrativa que considere máis axeitada para que poida levarse a súa xestión por esta Corporación, sexa mediante Convenio ou calquera outra forma xurídica que estime oportuna.-

3) Remitir Certificación deste acordo ó citado Organismo Oficial acompañada da Memoria en cuestión.-

4) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que no nome desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

7º.- Resolucións dictadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

- Dese conta das seguintes Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.

- Aprobación lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para unha praza de operario de servizos múltiples.

- Concesión de días a favor de Noelia Castreje Canosa por asuntos particulares durante o período 23 de decembro de 2019, 2, 3, 14, 15, 16 e 17 de xaneiro con cargo ao ano 2019.

- Delegación de funcións en favor do tenente de alcade Xan Carlos Sar Oliveira durante os días 24 de decembro de 2019 ao 7 de xaneiro de 2020 ambos incluídos ante a ausencia do Alcalde por período vacacional.

- Contratación de Fátima Trillo Fidalgo como auxiliar de axuda no fogar ante a substitución de Dolores Martínez Pérez durante o período comprendido entre o 18 ao 31 de decembro de 2019.
- Resolución sobre inicio de procedemento sancionador de tráfico.
- Concesión de axuda económica a favor de D. P. R. por importe de 31,00 euros para traslado a Coruña.
- Días por asuntos particulares a favor de Carmen Fábregas Lorenzo durante os días 20 e 23 de decembro de 2019.
- Concesión de días por asuntos particulares a favor de María José Traba Traba durante o período 30 de decembro de 2019, e 2, 3, de xaneiro de 2020 con cargo ao ano 2019.
- Concesión de días en favor de Amable Canosa Martínez por asuntos particulares con cargo ao ano 2019 durante o período 26 e 27 de decembro e 7, 8, 9 e 10 de xaneiro de 2020.
- Concesión de vacacións en favor de Alicia López Gil durante o período comprendido entre o 20 ao 30 de decembro de 2019, e días por asuntos particulares 2, 3, 7 e 8 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días en favor de Nélica Cambeiro Otero por asuntos particulares con cargo ao ano 2019 os días 23, 26 e 30 de decembro de 2019 e 2 e 7 de xaneiro de 2020.
- Aprobación de memoria técnica do investimento denominada “Balizamento do Paseo Marítimo da Praia de Langosteira “cun presuposto que ascende á cantidade de Trinta e tres mil oitocentos cincuenta e nove euros con quince céntimos (33.859,15 €). Así mesmo, solicitar da Axencia Galega de Turismo unha subvención polo importe de Vinte e oito mil setecentos oitenta euros con vinte e oito céntimos (28.780,28 €).
- Concesión de vacacións en favor de Luis Insua Liñeiro durante o período comprendido entre o 30 de decembro de 2019 ata o 31 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días por asuntos particulares en favor de Carmen M^a Ballón Estévez durante o período 26 de decembro e 2, 3, 7, 8 e 9 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días de asuntos particulares en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante os días 2 e 3 de xaneiro de 2020.
- Aprobación de expediente mediante procedemento aberto simplificado para a contratación da obra Mercado Cultural (Reestruturación para Centro Cultural da Planta Alta do Mercado Municipal de Fisterra) polo importe de 253.475 €.

- Contratación de Pedro Santiago Díaz Domínguez durante o período comprendido entre o día 1 de xaneiro ao 6 de marzo de 2020 como condutor.
- Adxudicación do mantemento do campo de fútbol en favor da empresa XARDINERIA REJA SL polo importe de 6.534 € incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
- Concesión de días en favor de M^a Filomena Domínguez Velay durante o período comprendido entre os días 7, 8 e 9 de xaneiro de 2020.
- Resolución desestimatoria das alegacións presentadas por Norberto Lestón Areas en data 19 de outubro de 2019 sobre expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras de construción de peche, muro de defensa, edificación e recheo colindante co río Sardiñeiro.
- Aprobación da Memoria explicativa das actividades que se van desenvolver na Semana Santa e Festas do Cristo desde o día 3 ao 13 de abril de 2020 cun gasto previsible de 5.281,71 €.; así mesmo acórdase solicitar da Axencia de Turismo de Galicia unha subvención polo importe de 3.000 €.
- Desestimación da Reclamación efectuada por Carlos Pérez Trillo sobre a súa exclusión da lista de admitidos para a praza convocada de Un operario de obras e servizos.
- Substitución de vehículo taxi por parte de José Ramón Santos Santos.
- Concesión de días en favor de M^a Loreto Marcote Lago durante o período 10, 13, 17, 20 e 31 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días en favor de Montserrat Outes Velay durante o período 30 e 31 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante o período 16 e 17 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días en favor de Juan José Lago Estévez durante o período comprendido entre o 20 ao 31 de xaneiro de 2020.
- Días en favor de José Manuel Marcote Senlle durante os días comprendidos entre o 16 ao 31 de xaneiro de 2020.
- Vacacións en favor de Arafa Mokthar duante o período comprendido entre o 20 ao 31 de xaneiro de 2020.

- Aprobación de lista definitiva de operario de servizos múltiples.

NOME E APELIDOS
GASPAR GARCIA DOMINGUEZ
RUBEN FABREGAS SANTOS
HECTOR LIRES LEMA
FRANCISCO J. PEQUEÑO BUITURON
GONZALO PEREIRA LOPEZ
ANGEL LOPEZ LOPEZ
RAFAEL RIVEIRO DOMINGUEZ

- Concesión de Axudas Sociais ao tratarse de persoas carentes de medios económicos en favor de:

L. L. G.	220 €
J. L. R.	269 €
M. I. M. L.	300 €

- Concesión de licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos a favor de Linda Ayurami Gómez Nadales.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Arenas Rivera López durante o período comprendido entre o 4 ao 27 de maio de 2020.
- Alegacións contra o procedemento sancionador iniciado pola acta-denuncia da garda civil ao local Café Bar Cantante Boulevard por excederse do horario de apertura.
- Aprobación da lista definitiva dunha praza de operario de servizos múltiples, subsanación de erro.
- Delegación de funcións en favor de Xan Carlos Sar Oliveira durante os días 22 e 24 de xaneiro de 2020 ante a ausencia do Alcalde por viaxe oficial a Fitur.
- Concesión de días a favor de Pilar García Trillo durante os días 23 e 24 de xaneiro de 2020.
- Concesión de autorización para celebrar os festexos en honra a San Vicente os días 22, 24 e 25/01/2020 no Campo da Festa da localidade de Ermedesuxo a favor da Comisión de Fesas de San Vicente.
- Aprobación do proxecto pavimentación viario na zona rural do municipio (Ermedesuxo de Arriba - San Martiño de Arriba e Mallas Vigo) cun orzamento total de 45.841, 55 €.
- Suspensión da probas previstas para o día 22 de xaneiro de 2020 ante o recurso presentado por Carlos Pérez Trillo contra a súa exclusión das listas de aspirantes a 1 praza de operario.

- Concesión de días en favor de Nélide Cambeiro Otero durante o período 24 e 27 de xaneiro de 2020 por asuntos particulares con cargo ao ano 2019.
- Concesión de días en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante o período comprendido entre os días 24, 30 e 31 de xaneiro de 2020 por asuntos particulares con cargo ao ano 2019.
- Resolución da Alcaldía de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS 2020.
- Renovación no Rexistro de animais potencialmente perigosos do can american stafordshire de nome ZOR a favor de Florencia Aldana García Silvera.
- Concesión de días a favor de M^a Filomena Domínguez Velay durante os días 29, 30 e 31 de xaneiro de 2020.
- Concesión de días a favor de Carmen Fábregas Lorenzo durante o período 30 e 31 de xaneiro de 2020.

O Pleno dáse por enterado.

8º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Partido Popular:

- 1) O Concello cobrou do seguro os 6.000 € da reparación do teito do Semáforo?
- 2) Canto costou o aluguer do coche que se empregou para a cabalgata de Reis e de qué empresa era?
- 3) Canto costou a páxina de publicidade de Fisterra en Fitur da Voz de Galicia do 26 de xaneiro?
- 4) En base a qué normativa de aplicación se están outorgando as licenzas de obra?
- 5) Visto que chega Semana Santa que se sabe da estrada do Faro?
- 6) Hai algo previsto para o arranxo do pavillón polideportivo ademais de pequenas reparacións estéticas?
- 7) Os badéns instalados na zona rural están dando unha imaxe deplorable, teñen pensado retiralos definitivamente ou substituílos?

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás 21:08 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.